

# 14 universidade solidaria

Á Universidade, e á da Coruña en concreto, cómprelle ser vangarda na defensa e fomento dos valores da solidariedade, da conciencia crítica e da conciencia democrática. Xa no documento sobre a súa misión, visión e valores, que foi aprobado polo Claustro o día 31 de marzo de 2005, afírmase, como parte da súa misión, "a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común". No mesmo documento, despois de se definir como "institución pública, civil, autónoma e laica", asume como principio "a afirmación dos dereitos humanos e a consecuente loita contra calquera discriminación por razóns ideolóxicas, sociais, económicas, relixiosas, de nacemento, de discapacidade, de xénero ou de orientación sexual".

O anterior non queda en palabras, senón que nos compromete a dar respostas concretas ante a cidadanía. Durante o ano pasado, Ano da Memoria Histórica, a nosa Universidade deu pasos importantes nesa dirección de afirmación democrática, con actos como a homenaxe ás vítimas da represión franquista ou cando a inauguración do Edificio Xoana Capdevielle, así chamado en lembranza da bibliotecaria e arquivista que fora esposa do gobernador civil da Coruña en 1936, Francisco Pérez Carballo, e que compartiu con el un final tráxico a mans dos sublevados. Importa subliñar que en todos os casos houbo unha importante presenza cidadá, como dando resposta aos principios antes indicados.

Dentro do mesmo espírito crítico e tamén como resposta a unha demanda crecente, aprobouse a creación da Oficina de Igualdade de Xénero, destinada a ser un observatorio sobre os problemas de xénero na nosa universidade e no seu contorno.

En calquera caso, durante o ano 2006 continuou o seu labor a Oficina de Cooperación e Voluntariado, que é un referente claro na universidade galega e un instrumento imprescindible na rede de organizacións non gobernamentais do noso contorno metropolitano. A Universidade da Coruña incrementou de forma importante o seu orzamento, por segundo ano consecutivo, e cubriu interinamente unha praza da Relación de postos de traballo.

### ► Cooperación e voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é o instrumento directo mediante o que a Universidade da Coruña se implica no coñecemento da realidade social e na participación na construción de sociedades máis xustas.

No campo do voluntariado, a OCV propón para a participación os programas de voluntariado social:

- Programa de voluntariado no Centro de Acollida de Menores de Bañobre. Este programa foi un dos primeiros que se puxo en funcionamento na Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.
- Programa de voluntariado nas Rañas. Este programa lévase a cabo nun dos asentamentos chabolistas da cidade da Coruña.
- Programa de voluntariado no Portiño. Este programa desenvólvese nun dos barrios de infravivenda da cidade da Coruña.
- Programa de voluntariado no Fogar Santa Lucía. Este é un centro de acollida de mulleres que, por diversas razóns, non poden residir no seu fogar.
- Programa de transeúntes e sen teito. Nesta actividade o obxectivo é acompañar as persoas sen teito que dormen en diferentes lugares da cidade.
- Proxecto de Axuda a Estudantes Discapacitados (PAED). Consiste na axuda a estudantes discapacitados da Universidade da Coruña, de xeito puntual, para contribuír a unha mellora na súa mobilidade polo centro en que estudan e na recollida de apuntamentos, noutros casos.
- Programa de voluntariado no Hospital Oncolóxico Rexional de Galicia. Nesta actividade, o obxectivo é acompañar as persoas hospitalizadas no Centro Oncolóxico de Galicia.
- Programa de voluntariado en colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos. O obxectivo é acompañar as persoas usuarias do proxecto de acompañamento de Cogami. Son persoas con algún tipo de discapacidade física que precisan de axuda para se moveren. A actividade consiste en realizar tarefas de acompañamento, paseos, saídas etc.
- Programa en colaboración con Ecodesarrollo Gaia. Apoio escolar con nenos e nenas inmigrantes e clases de Internet e alfabetización para adultos inmigrantes.

Outra canle de participación que se abre desde a OCV é a que está dirixida ao campo da cooperación para o desenvolvemento, coa participación en campañas de sensibilización con outras ONG e mediante a organización de actividades de sensibilización dirixidas á comunidade universitaria. Durante o ano 2006, as actuacións foron as seguintes:

- Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR), que son unha iniciativa en que o estudantado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadia de cooperación de un a tres meses de duración. O traballo que desenvolven será validado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira.
- O Servizo de Información e Tecnoloxía de Nacións Unidas (The United Nations Information Technology Service, UNITeS) é unha iniciativa de voluntariado proposta polo secretario xeral da ONU e coordinado polo programa de Voluntarios de Nacións Unidas (VNU), que se propón reducir a fenda dixital: a diminución da desigualdade que existe no aproveitamento das oportunidades que ofrece a revolución dixital, por falta de acceso, de capacidade e de contidos. Consiste nun marco de colaboración no cal o voluntariado comparte os seus coñecementos co fin de capacitar as persoas de países en desenvolvemento para a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TICs).
- Creación do Fondo 0,7%. Despois de varios meses de traballo e coa promesa institucional do reitor da Universidade da Coruña de apoiar a iniciativa, o 13 de novembro publicouse a I Convocatoria de Axudas á Investigación en Cooperación para o Desenvolvemento. Fondo 0,7% UDC, dotada con 27.000 € e con achegas diversas, tanto desde a propia UDC como desde a Xunta de Galicia e desde entidades privadas como Caixa Galicia.

#### ■ Axudas a proxectos

Este ano, os proxectos aos que se lles concedeu axuda son:

- Proxecto 1:** "Avaliación e perspectiva da educación en Timor Leste. Educación e desenvolvemento: desafíos, dificultades, oportunidades e propostas de estratexias de intervención".
- Proxecto 2:** Cambio no uso do solo en explotacións de pequenos produtores na provincia de Chaco (Arxentina) para un desenvolvemento sostible".
- Proxecto 3:** "Mellora da seguridade sanitaria e técnica do mergullo profesional da Bahía de Sechura (Piura) Perú".
- Proxecto 4:** "Existen sociedades matriarcais?: aprendendo da igualdade de xénero entre dous grupos étnicos: os bijagós (Guinea Bissau) e os zapotecas (México)".

Outro xeito de participación que ofrece a OCV é a formación en temas de cooperación para o desenvolvemento e de voluntariado social para toda a comunidade universitaria e, máis especificamente, para os voluntarios que participan continuamente no seu programa de voluntariado.

Durante o ano 2006, realizáronse cursos de formación en: introdución ao voluntariado social, risoterapia, educación sexual e drogas, psicoloxía infantil, afrontamento de situacións conflitivas, reciclaxe e manualidades, menores en risco de exclusión social, xogo de roles: alzheimer e terceira idade, animación sociocultural, oncoloxía e voluntariado, recursos para persoas sen fogar, seminario de voluntariado penitenciario, conflitos e acción humanitaria, introdución á cooperación para o desenvolvemento e as III Xornadas de Sensibilización sobre Inmigración e Interculturalidade.

### ► Igualdade de xénero

A creación da Oficina de Igualdade de Xénero foi aprobada no Consello de Goberno do 14 de decembro de 2006. Foi nomeada directora a profesora Ana Sánchez Bello. A composición da comisión que se aprobou nesa sesión, para alén dos vicerreitores de Investigación e de Extensión Universitaria e Comunicación, foi a seguinte:

- Técnicas: Pascuala Campos de Michelena (Arquitectura)
- Xurídico-social: Rosa Cobo Bedia (Socioloxía)
- CC. Experimentais: Araceli Torres Miño (EU Politécnica)
- Ciencias da Saúde: Nuria Esther Varela Feal (EU Enfermaría e Podoloxía)
- Humanidades: Carme Fernández Pérez-Sanjulián (Filoloxía)
- Estudante 1: María Torres Pose (Dereito)
- Estudante 2: Alba Prado Vázquez (Económicas)
- PAS 1: Marisol Miras Mouro (Dereito)
- PAS 2: Sonia Valero Bravo (CC. da Educación)

### Obxectivos

---

Os obxectivos da Oficina para a Igualdade de Xénero son, segundo se rexistra no artigo 5 do seu regulamento:

- a. A promoción de estudos sobre as situacións de xénero na UDC.
- b. Amparar a introdución da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos do coñecemento.
- c. Fomentar a formación e investigación en estudos de xénero nas distintas áreas científicas.
- d. Desenvolver actividades de difusión e extensión, tanto no seo da comunidade universitaria como no contorno social e cultural.
- e. Desenvolver accións de sensibilización acerca da igualdade de xénero.
- f. Impulsar accións que garantan condicións igualitarias para o acceso e promoción de mulleres e homes na actividade docente, investigadora, laboral e representativa da UDC.

- g. Colaborar coas administracións e institucións galegas, estatais e internacionais na consecución da igualdade de xénero.
- h. Coñecer, informar e no seu caso mediar nos posibles conflitos por discriminación de xénero na actividade académica e laboral da UDC.

### ► Atención á diversidade

A Unidade de Atención á Diversidade desenvolve un labor de coordinación e apoio ás persoas con discapacidade da Universidade da Coruña, así como o Proxecto de equipos interdisciplinares e permanentes de apoio á accesibilidade (EIPAA).

- Investíganse e promóvense diversas medidas, como a eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación na Universidade, a adquisición de material audiovisual que amplíe os recursos existentes na biblioteca, a elaboración dunha listaxe aberta de publicacións propias da UDC, o desenvolvemento do cine-fórum e a coordinación dos membros do proxecto a través dun sistema de correo electrónico.
- Promocionáronse as medidas oportunas para conseguir a exención das taxas de matrícula para o alumnado que presente algún grao de discapacidade.
- Renováronse os convenios que mantén a UDC con diversas entidades ,como a (Federación de Asociacións de Persoas Xordas) F.A.X.P.G., Cogami e a Cruz Vermella. Estanse a concretar outros coa Xunta de Galicia, Inladi e a Once.
- A partir da creación da unidade, no curso académico 2004/05, o volume de alumnado e profesorado que accede aos servizos desta unidade ascende cada ano académico. Pasou de ter catro alumnos/as a contar no curso 2006/07 cuns/cunhas corenta alumnos/as que, dun xeito directo ou indirecto, forman parte da unidade.

### ► Ano da Memoria Histórica

- O Ano oficial da Memoria Histórica estivo presente nas actividades de proxección externa da UDC dun xeito especial. Organizado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, o 17 de marzo tivo lugar no Paraninfo da Reitoría da Universidade da Coruña, en colaboración coa Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, un acto de homenaxe ás vítimas do réxime franquista, dentro das conmemoracións do Ano da Memoria. O encontro contou con dúas partes, unha dedicada á forza da palabra como vehículo para non esquecermos (Ana Pillado, Henrique Rabuñal, Serafín Mourelle, Xulio López Valcárcel, Marica Campo, Xesús Alonso Montero, Pilar Pallarés, Teresa Suárez, Cesáreo Sánchez e Manuel Rivas), e outra ao canto como arma na procura da liberdade (Miro Casabella, Paco Lodeiro, A Quenlla e Cántigas da Terra).

- Con ocasión da inauguración do Edificio Xoana Capdevielle, tivo lugar no Paraninfo un acto titulado "Xoana Capdevielle, na memoria coruñesa do 36", coa presenza da escritora e profesora Carme Blanco e de Fernando Gómez Pérez-Carballo, sobriño neto de Francisco Pérez Carballo, gobernador civil da República na Coruña, marido da homenaxeada e, como ela, asasinado nos primeiros días da sublevación militar.
- Tamén en colaboración coa Comisión para a recuperación da memoria histórica, celebrouse en novembro unha charla-coloquio, titulada "Comandante Robert 1944, a liberación de Francia", con José Antonio Alonso Alcalde, chamado comandante Robert, que fora xefe do Estado Maior da 3.ª Brigada da AGE.